

QUE LEN OS/AS ALUMNAS NA ESO? UN ESTUDO DE CASO EN CLAVE DE XÉNERO

LECTURE HABITS OF SCHOOL STUDENTS UNDER A GENDER VIEW

Diego Villar Ramos
Universidade de Vigo

David Casado Neira
Fac. CC da Educación
Universidade de Vigo
Avenida Castelao s/n
32004 Ourense (España)
dcneira@uvigo.es

RESUMO

No presente traballo centrarémonos na lectura na ESO e os gostos de lectura, atendendo especialmente á variable xénero, entre a poboación escolar de 11 a 16 anos. A lectura entre adolescentes semella estar en crise, o que nos atopamos é unha realidade complexa, con claros e escuros na que os centro educativos seguen a asumir o papel de promotor fundamental da lectura na práctica, con maior ou menor éxito. **Palabras clave:** literatura, lectura, xénero, consumo cultural, promoción lectura

ABSTRACT

In this paper we would like to present an analysis of the reading habits between students at the second level of compulsory education (aged from 11 to 16), paying special attention to gender variables. Literacy between teenagers seems to be in permanent crises, that we found is a complex reality, with light and shadows, in which the schools are still the main force and actor promoting and transmitting read habits to students, with more or less success.

Keywords: literature, literacy, gender, cultural consumption, reading promotion

INTRODUCCIÓN

Actualmente a LOE está potenciando a lectura na educación. A lectura enténdese como un compoñente básico para que os alumnos e alumnas poidan aprender mellor, progresen no sistema educativo, un indicador fundamental para mellorar a calidade da educación. No presente traballo centrarémonos na lectura na ESO, atendendo especialmente á variable xénero, entre a poboación escolar de 11 a 16 anos. A finalidade do traballo é coñecer as diferenzas de lectura entre os nenos e

as nenas ligadas aos seus gostos. A lectura entre adolescentes semella estar en crise, o que nos atopamos é unha realidade complexa, con claros e escuros que nos sitúa fronte ao dilema de se o vaso está medio baleiro o medio cheo, pero nunha clara desvantaxe para a literatura en galego. Neste contexto os centros educativos seguen a asumir o papel de promotor fundamental da lectura na práctica, con maior ou menor éxito.

METODOLOXÍA

O estudo fíxose sobre unha mostra de 289 alumnos e alumnas da ESO de dous institutos de ensino secundario da cidade de Ourense nun total de 18 grupos (doce corresponden ao centro A e seis ao centro B —de menor alumnado—, véxase a Táboa 1 de distribución da mostra por cursos e centros). Os centros escolléronse en base ao diferente perfil sociocultural do alumnado, o centro A está localizado no centro da cidade cun público maioritariamente urbano, o centro B localizado no mesmo pero fóra do centro urbano presente unha maior presenza de alumnado de áreas da periferia rururbana (espazos de transición entre o rural e o urbano con rasgos produtivos e urbanísticos mixtos) (Bauer e Roux, 1976). As idades dos/as alumnas abrangue desde os 11 aos 16 anos. A composición da mostra foi a seguinte por centro segundo os cursos:

Centro A												
1º A	1º B	1º C	2º A	2º B	2º C	3º A	3º B	3º C	3º D	4º B	4º C	Total
21	22	19	21	17	16	13	7	16	16	5	14	187
Centro B												
1º B			2º B			3º B			4º A	4º B	4º C	Total
18			16			14			17	25	12	102
TOTAL												289

Táboa 1. Distribución da mostra por cursos e centros

As recollida de datos fíxose a través dunha enquisa pechada que se pasou directamente na propia aula. O cuestionario da enquisa, desenvolvido a partir dun cuestionario previo nun grupo piloto e buscando a maior comprensión e sinxeleza posible para os/as enquisadas, foi o seguinte:

Pregunta	Respostas
1. Sexo	Muller · Home
2. Idade	(resposta aberta)
3. Considérase lector ou lectora?	Si · Non · NS/NC
4. En que idioma prefires ler?	Galego · Castelán · Outro (indicar cal)
5. Como das coñecido os libros que les?	Lecturas obrigatorias · Librarías ou tendas onde vendan libros · Na rúa · Prensa · Radio · Televisión · Outro (indicar cal)

Pregunta	Respostas
6. Que tipo de libros prefires ler?	Aventuras · Biografía · Deporte · Drama · Fantasía · Humor · Romántico · Poesía · Ensaio/Divulgación · Outro (indicar cal)
7. Nomea tres libros que leras no último mes.	(resposta aberta)
8. Nomea tres libros que leras no último medio ano.	(resposta aberta)
9. Cal é o teu libro favorito?	(resposta aberta)
10. Cal foi o libro que menos che gustou?	(resposta aberta)
11. Que é o que máis che gusta ler?	(resposta aberta)


O resultados recollidos fóronlle facilitados posteriormente aos respectivos centros e grupos en forma de breve informe co gallo de dispoñeren dunha información sobre os hábitos de lectura aplicable á mellora docente.

HÁBITOS LECTORES

Quen le?

O primeiro ítem a tratar é a autopercepción como lector/a. Independentemente do número de libros lidos é difícil establecer un rango que estableza a fronteira entre lectores/non lectores. Neste caso consideramos moi significativo a propia percepción e autovaloración con respecto á lectura, así como a identificación có hábito da lectura. Nunha primeira aproximación observamos como hai unha diferenza significativa entre as mulleres e os varóns: se ben de forma xeral hai unha maior atribución como lector/a (51%) fronte a non lector/a (41%), o 8% non sabe non contesta, só supón unha diferenza de 10 puntos a favor dos/as lectoras o que necesariamente nos leva a preguntarnos sobre a interiorización e práctica dese tipo de consumo cultural.


Independentemente doutros factores (p.e. número de libros lidos, motivo da lectura...) non deixa de ser significativo que estaríamos a falar do valor máximo desa percepción xa que unha análise en base a outras variables engadidas só poderá relativizar a práctica real dos mozos e mozas.



Nun desglose por xénero descubrimos unha recorrencia que corrobora as teorías que sitúan as mulleres máis achegadas á área da linguaxe (Holmes e Meyerhoff, 2003) ao presentar as mulleres unha maior autovaloración como lectoras (59%) fronte os varóns (41%), unha moita menor atribución como non lectoras (27% de mulleres fronte ao 55% dos varóns) relativizada por un maior incerteza á hora de situarse (14% de mulleres fronte a 2% de homes). Os presentes resultados apuntan aos resultados doutros estudos (Yubero e Larrañaga: 2010) nos que as nenas presentan tamén niveis de lectura máis altos.

Idioma de lectura


O idioma de lectura orbita principalmente sobre o eixo galego/castelán, como era de esperar, aínda así hai unha presenza (reducida) de inglés e francés. A pregunta formulada sobre o idioma preferido de lectura, como no caso anterior o que interesaba coñecer era o apreciación persoal, e non a práctica marcada por lecturas obrigatoria e de lecer. Dentro dese contexto que marca como e que os/as escolares len, a preferencia de idioma dá unha idea clara das posibilidades e futuro das dúas linguas oficiais no mercado editorial a curto e longo prazo. De acordo aos datos rexistrados o panorama queda recollido nos seguintes datos:



Con estes resultados podemos ver que tanto entre as mulleres como entre os varóns hai unha clara predilección pola lingua castelá (76,5%) fronte á galega (21,5%), sendo por xénero a diferenza maior entre mulleres e varóns. As mulleres son as que mostran unha menor preferencia pola lingua galega (15% fronte o 28% dos varóns) que é inversa, nese contexto marcado de xeito desigual polas dúas linguas cooficiais, á preferencia pola castelán onde as mulleres se sitúan por riba dos varóns (83% fronte ao 70%). En canto a francés e inglés, os resultados coinciden cun 1%, tanto para varóns coma para mulleres, sendo estes últimos datos case residuais, mostra dun interese particular polas linguas estranxeiras ou por orixes familiares ligados a un medio anglo- ou francófono. Se esa diferenza ven definida por unha adscripción a unha das dúas linguas, mellores competencias lingüísticas nunha delas ou polas características e dispoñibilidade das obras ás que teñen acceso (por lecturas obrigatorias ou por oferta editorial no mercado) queda por esclarecer.

Vías de información

A consideración de que as persoas máis novas restrinxen as súas lecturas ao recomendado nos centros educativos é refutada a través dos presentes datos. O acceso á literatura, se ben está en parte moi determinada polas demandas escolares non é o xeito de acceso exclusivo aos libros. O que demostra un interese persoal pola lectura e unha actitude activa cara a ela. A información sobre como se chegan a coñecer os libros lidos vai desde os medios de comunicación (televisión, radio, prensa), a rúa, librarías, lecturas obrigatorias e recomendacións persoais (amigos/as, familiares e docentes –neste caso como recomendación non como parte da materia curricular).




As variación de porcentaxes entre xéneros non é significativa, unicamente no caso das recomendacións persoais as mulleres acadan valores case dobres con respecto aos homes (26% fronte a 14%) o que se pode atribuír a un maior valor dado á comunicación informal (o ‘boca a boca’) como unha estratexia comunicativa, ou no caso de que esa recomendación sexa feita por docentes a unha percepción por parte destes dun maior interese entre o alumnado feminino, o que nós remonta a las diferencias comunicativas de homes e mulleres (Tusón, 1999, 2002). No resto dos casos os valores dos alumnos son lixeiramente máis altos, con excepción de librarías onde hai unha diferenza de dous puntos a favor das alumnas.

Na resposta multivariable a principal fonte de coñecementos dos libros que se len é a través das librarías (98%) e de lecturas para as materias (96%), co que parello ao gran motor da lectura infantil que supón a lectura obrigatoria, tamén descubrimos un máis importante consumo de lectura de lecer orientado ás novidades editoriais e oferta literaria do momento o que indica unha actitude receptiva á lectura voluntaria como imos volver ver posteriormente. Os puntos de venda revélanse como o foco de acceso á novas lecturas. Paralelamente observamos como as bibliotecas non aparecen recollidas (outros ten un valor 0) o que pode responder simplemente a que só funcionan como repositorios de obras, pero non como lugares de promoción das propias obras. De ser así habería que pensar no papel realmente que están a cumprir as bibliotecas como promotoras da lectura se efectivamente non cómpren a súa función de difusión e promoción de novas obras, e quizais sexa

este o problema: a falta de fondos para a adquisición de novas obras e a pouca dispoñibilidade de novidades editoriais en número. A terceira vía de acceso a novas obras é a recomendación (amigos, docentes...) que se sitúa con diferenza por debaixo das anteriores (40%); un relativo baixo nivel de intercambio informal de comentarios sobre as obras sitúa a lectura no ámbito do consumo estritamente persoal, no que a lectura de lecer queda restrinxida ao eido do privado. O papel dos docentes e fundamentalmente do grupo de iguais é secundario neste sentido. Fóra da lectura escolar o libro semella non ter moita presenza como un valor a ser comunicado de forma aberta, o que non deixaría de ser unha vía por explorar. O libro está máis limitado aos ámbitos escolar e privado: cada quen le para si, sendo o libro un obxecto de consumo propio, sobre o que se comparte e comenta en menor medida. O resto de vías de descubrimento de libros (na rúa —11%—, prensa —8%—, radio —4%—, outros —non se menciona internet—) son residuais e están relacionadas cos hábitos de acceso a información dos/as nenas. Con respecto a internet, que cabería tamén esperar como unha puxante fonte de información, vemos como non é utilizada para acceder a este tipo de información, senón cunha finalidade principalmente lúdica onde prima os contactos sociais (o 40% dos/as menores usa internet para pasar o rato, e o 35% para facer amigos, fronte a outras como compartir información —17%— ou comunicarse coa familia —1%) (López-Ruiz, 2010).

Os xéneros literarios

O tipo de lecturas preferidos con respecto ao tipo de xénero literario que destacan as persoas enquisadas é de amplo espectro. Tomando como punto de partida nove xéneros literarios (fantasía, aventuras, ensaio, deportes, drama, comedia, romántico, biografías, poesía) o noso interese non era saber con que corrección os/as lectoras podías identificar as obras dentro os xéneros propostos, senón identificar os temas ou tipo de historias que lles son máis atractivos, do mesmo xeito que o encadre dentro dun dos xéneros non é excluínnte, así podemos ter unha asociación entre fantasía e aventuras ou fantasía e humor dentro unha mesma obra. Podemos interpretar esta pregunta como, que che gustaría ler?



Na elección dos xéneros hai unha clara preferencia por seis temas que cobren un amplo abano, así de xeito conxunto aventuras (88%), fantasía (86%), humor (78%), drama (69%), deportes (44%) e romántico (36%) destacan sobre xéneros como a poesía (13%), biografías (11%) e ensaio (3%). O que cabe destacar especialmente é a clara diferenciación que se produce entre temas e xénero, dándonos unha imaxe moi definida e nalgún sentido estereotipada. Partindo xa dunha análise por xénero dentro dos parámetros anteriores os homes prefiren en primeiro lugar as aventuras fronte ás mulleres (50% vs. 38%), así as mulleres decántanse pola fantasía en proporción case que inversa (51% vs. 35%) co que cabería pensar si a fantasía e as aventuras non son en realidade o mesmo xénero cunhas compoñentes de fabulación e recreación de mundos só algo diferentes. O humor e o drama alternanse sendo o drama preferido por elas (43% vs. 26%), e o humor por eles (46% vs. 32%) pero manténdose ambos en valores relativos altos, o que dá paso xa as grandes diferencias asociadas ao xénero con respecto ao tema deportes e romántico, nos que case se inverten os valores: un 37% dos homes decántase polos deportes (7% das mulleres), e un 32% das mulleres opta polo romántico en comparación ao 4% dos homes (a acción fronte ao sentimento?). A poesía presenta valores máis altos entre elas (10%) sendo entre eles o segundo tema menos escollido (3%). Neste sentido, e recordemos que son preferencias mostradas polas propias persoas enquisadas, este son os únicos temas onde hai unha diferenza radical. As biografías e ensaio volven presentar valores moi equiparables (5% e 2% nas mulleres, 6% e 1% nos homes).

Por preferencias das alumnas temos a seguinte orde de temas (en sentido decrecente): fantasía, drama, aventuras, humor e romántico, deportes, poesía, biografías, ensaio; para os alumnos: aventuras, humor, deportes, fantasía, drama, biografías, romántico, poesía, ensaio. Nunha análise común desvélese que nos alumnos predomina un perfil da exploración do mundo, o goce da risa ligado á diversión inmediata, a actividade física e unha reconstrución fabulada da realidade; á vez que nas alumnas as preferencias decántanse por unha reconstrución fabulada da realidade, a intensidade dos sentimentos, a exploración do mundo e o goce da risa. Dous perfís no fondo bastante semellantes tendo en conta os valores de cada un. Si esta elección se fai por gustos efectivos de lectura ou por adscripción a que xéneros potencialmente lles poden ser máis atractivos ilustra de igual modo a identificación sexuada dos temas a través da representación do eu e, en consecuencia, da construción social da identidade persoal (Berger e Luckmann, 1979).

Unha diferenza que se volve corroborar ao preguntar polas lecturas específicas, os tres libros lidos no último mes. O número de obras total referenciadas é de 85 cunha distribución moi dispersa, así non atopamos unha lista homoxénea e común de lecturas para toda a mostra. Na táboa 2. 'Os 10 libros máis lidos no último mes' recolleemos aquelas obras que eran nomeadas en máis dun caso: doce obras son citadas por máis dunha persoa, pero non esquezamos que a maior parte delas (73) só se nomea unha vez dando un perfil de lectura moi aberto e variado¹. O perfil das obras por

¹ Lista de libros de lectura obrigatoria. 1º ESO: Cartas de inverno (Agustín Fernández Paz), Contos por palabras (Agustín Fernández Paz), La sombra del gato y otros relatos de terror (Concha López Narváez), O misterio das badaladas (Xabier Docampo); 2º ESO: Anne aquí, Selima allí (Marie Féraud), A cova das vacas mortas (Santiago Jaureguizar), El señor de las moscas (William Golding), El niño con el pijama de rayas (John Boyne); 3º ESO: Jaque en la red (Santiago Herraiz), Moonkid e Liberty (Paul Kropp); 4º ESO:

xénero remítenos aos resultados amosados na gráfica 4. ‘Preferencias por xéneros literarios’ onde cabe destacar a clara preferencia das alumnas polo best-seller *Crepúsculo* (15%), *Anne aquí, Selina allí* (14%), *La sombra del gato y otros relatos de terror* (10%) e *Os dous de sempre* (10%). No caso dos alumnos as preferencias son parcialmente diverxente, así o primeiro lugar está ocupado por *La sombra del gato y otros relatos de terror* (20%), seguido de *Contos por palabras* (15%), *Os dous de sempre* (11%) e *Anne aquí, Selina allí* (10%).

Título	mulleres %	homes %	total
La sombra del gato y otros relatos de terror	10	20	15
Anne aquí, Selima allí	14	10	12
Contos por palabras	6	15	10,5
Os dous de sempre	10	11	10,5
Jaque en la red	8	8	8
Crepúsculo	15	0	7,5
Réquiem por un campesino español	6	9	7,5
Durmido sobre os espellos	5	5	5
Cartas de inverno	0	7	3,5
A cova das vacas mortas	6	0	3
Harry Potter	0	6	3
Rimas y leyendas	6	0	3

Táboa 2. Os 10 libros máis lidos no último mes (datos en %)

Pero os libros máis lidos no último mes están marcados por unha variable determinante: as lecturas obrigatorias para as materias de lingua e literatura (galego e castelán) que responden a criterios de programación específicos. Polo tanto os libros máis lidos pouco nos din sobre os hábitos lectores dos/das alumnas se non temos en conta esta variable de forma absoluta. Se atendemos aos libros preferidos obtemos unha imaxe algo matizada. Neste caso aparece un total de 80 obras diferentes das que só oito son nomeadas por máis dunha persoa. Neste caso entre as alumnas *Crepúsculo* mantense na primeira posición (11%), seguido de *El niño con el pijama de rayas* (7%) e *Rebeldes* (6%). Os gustos dos homes están máis diluídos (en parte pode ser provocado pola menor incidencia da recomendación como vía de descubrimento de novas obras, véxase a gráfica 3. ‘Forma de coñecemento dos libros’) e se a primeira posición está ocupada por *El niño con el pijama de rayas* (7%), xa inmediatamente aparece *Harry Potter* (5%) e *Crepúsculo* (4%) por riba das outras obras progresivamente con só un punto de diferenza.

Rimas y leyendas (Gustavo Adolfo Bécquer), Os dous de sempre (Daniel Alfonso R. Castela), Durmido sobre os espellos (Jordi Sierra i Fabra), Requiem por un campesino español (Ramón J. Sender). Resto de obras referenciadas: *Crepúsculo* (Stephenie Meyer), *Harry Potter* (Joanne K. Rowling), *Rebeldes* (Susan E. Hinton), *Las crónicas de Narnia* (Clive S. Lewis), *El herrero de la luna llena* (María Isabel Molina), *La isla del tesoro* (Robert Louis Stevenson).

Título	mulleres %	homes %	total
Crepúsculo	11	4	7,5
El niño con el pijama de rayas	7	6	6,5
Harry Potter	3,5	5	4,25
Rebeldes	6	2	4
La sombra del gato y otros relatos de terror	2	3	2,5
Las crónicas de Narnia	0	2	1
El herrero de la luna llena	0	2	1
La isla del tesoro	0	2	1
Cartas de invierno	0	2	1

Táboa 3. Libros preferidos (datos en %)

Outra variable a ter en conta con respecto ás preferencias é o idioma de publicación (galego ou castelán), así entre as lecturas preferidas da lista dada un título aparecen en galego e oito en castelán. As posicións son variadas con respecto ao xénero pero baixo unha mesma liña, non hai ningunha alumna que escollera como preferida unha lectura en galego, e só en no caso da elección da obra polos nenos en galego esta aparece entre a posicións de cola (*Cartas de inverno*) o que dá unha visión do panorama da literatura infantil e xuvenil en galego con cara a un futuro incerto. Ademais das definidas polo idioma outra variable fundamental é o impacto e aceptación das lecturas obrigatorias fronte ás lecturas de lecer. Así entre os libros máis lidos o factor escolar é determinante, dos doce títulos máis destacados dez corresponden a lecturas asociadas a materias e só dous son feitos por elección propia, o que entendemos como unha lectura de lecer. Considerando ademais as diferenzas de gustos por xénero estas obras de lecer son excluíntes, *Crepúsculo* no caso das nenas e *Harry Potter* no dos nenos, ocupando estes as posicións primeira para as nenas e oitava no caso dos nenos. O que reduce o impacto real de obras non escolares, coa particularidade de que o público feminino si le fronte ao público masculino onde as lecturas escolares (as obrigadas) son as máis lidas. Recordemos que na gráfica 1. 'Autopercepción como lector/a' os alumnos presentaban asemade valores máis baixos con respecto ás alumnas.

Cabería pensar que entre os libros preferidos estarían relacionados directamente coa posibilidade da propia elección das lecturas, pero os datos revelan unha realidade algo matizada. Primeiro, unha minoría de nenas e, menos aínda, de nenos len moito, variado e fóra das demandas curriculares e unha gran maioría que le pouco e restrinxido ás obrigas escolares. Segundo, de entre os títulos preferidos polas alumnas máis destacados (cinco), tres corresponden a lecturas de propia elección e dúas a lecturas escolares, no ranking as lecturas escolares no presentan necesariamente valores baixos entre as nenas, *El niño con el pijama de rayas* ocupa a segunda posición, pero xa *La sombra del gato* ocupa o último posto e *Cartas de invierno* que non se nomea, relativiza esa predilección. Isto non cuestiona o valor da lectura escolar como un motor de achegamento ao libro xa que podemos encontrarnos ante un paso máis alá da obrigatoriedade: as alumnas xa terían adquirida unha cultura lectora desenvolvida alén da obrigatoriedade e fundada na lectura autónoma. No caso dos alumnos podemos observar como as posicións son semellantes, coa particularidade amosada da dispersión de

resultados entre eles. Nesta caso de nove obras, tres son escolares e seis de elección propia. A mesma lectura escolar ocupa unha posición de saída, neste caso a primeira *El niño con el pijama de rayas*, obtendo as restantes *La sombra del gato y otros relatos de terror* a penúltima posición e *Cartas de invierno* a última posición, que comparte con cinco outras obras de elección propia.

Os datos móstrannos un escenario non moi favorable pero tampouco catastrófico. Ao igual que outros estudos apúntase a que as escolas están a funcionar na práctica como os provedores básicos de cultura lectora e levan na práctica toda a responsabilidade alí onde a familia non leva a cabo esta misión (Ruiz-Tilve, 2002), con incerta aceptación por parte do alumnado se atendemos ás lecturas favoritas.

CONCLUSIONES

Partindo do caso analizado os hábitos lectores do alumnado da ESO entre 11 e 16 anos presenta unha imaxe complexa. Se ben a lectura goza de certa aceptación e presenza entre os hábito dos/das mozas caracterizado por unha maior predisposición das nenas cara á lectura ca os nenos e unha maior predilección da literatura de evasión (fantasía e drama –nenas– e aventuras e humor –nenos–), hai unha gran fragmentación con respecto ás obras lidas e preferidas, carecendo por tanto dunha fotografía fixa. O panorama ven marcado pola presenza dunha minoría (en maior parte nenas) de lectoras con gustos e consumos variados onde ademais da lectura maioritaria de libros de lectura obrigatorios hai unha significativa presenza de consumo de libros por lecer, parella a unha maioría de lectores/as na maior parte que só acceden á lectura por ser un requisito curricular. Onde ademais a presenza ou preferencia de literatura en galego e substancialmente inferior á literatura en castelán. Así vemos como na práctica os centros educativos seguen a asumir gran parte da responsabilidade de introdución á lectura, sendo especialmente significativo no caos dos escolares masculinos, onde a lectura obrigatoria é a fonte principal de material de lectura. Non así entre as preferencias onde as lecturas escolares obteñen (para nenos e nenas) valores altos pero de xeito limitado e puntual. Nesta realidade na que o vaso está medio baleiro e medio cheo consideramos que o importante é que se siga enchendo o vaso nunha tarefa sisifiana na que de xeito maioritario os centros educativos son o principal actor. Ler, lese.

Bibliografía

- Bauer, G. e Roux, J.M. (1976). *La rurbanisation ou la ville eparpillé*. París: Seuil.
- Berger, P. L. e Luckmann, T. (1979). *La Construcción social de la realidad*. Buenos Aires: Amorrortu.
- Holmes, J. e Meyerhoff, M. (2003). *The Handbook of language and gender*. Malden: Blackwell.
- López-Ruiz, J. A. (2010). Ocio, consumo y medios de comunicación. En J. González-Anleo, J. e González, P. (Coords). *Jóvenes españoles 2010*. Madrid: Ediciones SM, pp. 229-297.
- Ruiz-Tilve Arias, C. (2002). Lectura y escuela. *Aula abierta*, 79, 1-13.
- Tusón Valls, A. (1999). Diferencia sexual y diversidad lingüística. En C. Lomas (Comp). *¿Iguales o diferentes? Género, diferencia sexual, lenguaje y educación*. Barcelona: Paidós Educador, pp. 85-100.

- Tusón Valls, A. (2002). Lenguaje, interacción y diferencia sexual. En González A. e Lomas, C. (Coords). *Mujer y Educación. Educar para la igualdad, educar desde la diferencia*. Barcelona: Graó, pp. 61-76.
- Yubero Jiménez, S. e Larrañaga Rubio, E. (2010). El valor de la lectura en relación con el comportamiento lector. Un estudio sobre los hábitos lectores y el estilo de vida en niños. *Revista OCNOS*, 6, 7-20.